



XVI Olimpíada de Biología (Fase Autónoma Galega)

A Asociación Olimpíada Española de Biología (OEB) convoca a XVI Olimpíada de Biología (Fase Autónoma Galega) baixo o patrocinio de:

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade
- O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA)
- A Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña
- A Facultade de Biología da Universidade de Santiago de Compostela
- A Facultade de Biología da Universidade de Vigo
- A Directora do Grupo de Traballo de Biología da Selectividade (CIUG)
- A Inspección de Educación da Xunta de Galicia

segundo as seguintes

BASES

1. PARTICIPANTES

1.1.- Poderán participar na XVI Olimpíada de Biología (Fase Autónoma Galega) todos os estudantes que estean matriculados na asignatura de Biología no 2º curso de Bacharelato durante o curso 2020-2021, en centros de ensino de Galicia de calquera titularidade e que sexan seleccionados segundo os criterios indicados.

2. INSCRIPCIÓN

A situación actual creada pola pandemia da COVID, obríganos a cambiar de forma extraordinaria a organización das probas, do xeito seguinte:

- Requisitos para poder participar:

- Cumprir os requisitos indicados no punto 1.1.
- Nº máximo de participantes: NON hai límite de participantes para a fase previa
- Nº máximo de estudantes para a fase presencial: os 20 mellores da fase previa.
- Cumprimentar integramente o Formulario de Inscripción que atoparán nas páxinas web <http://olimpiadadebiologia.edu.es/la-competicion/fase-autonomica/galicia/>, http://www.biologosdeg Galicia.org/olimpiada_biologia.html

Prazo inscrición: entre o luns 16 de novembro e o mércores 16 de decembro de 2020

As consultas relacionadas coa inscrición deberán dirixirse a: olimpiadabiologia@biologosdeg Galicia.org



3. PRIMEIRA FASE

3.1.- Desenvolvemento

A Primeira Fase, tamén chamada Olimpíada Autonómica ou Fase Local, da *XVI Olimpíada Española de Biología*, constará de:

- Unha fase previa telemática, que consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test dos contidos de Bioloxía da ESO, de 1º de Bacharelato e de 2º de Bacharelato referidos ao Primeiro Bloque do programa oficial: A Base Molecular e Físicoquímica da Vida. A proba deberá realizarse nas instalacións do centro educativo o **5 de febreiro (12 a 14 horas)**, o centro deberá certificar que se ten feito desa forma.
- Unha fase presencial para os 20 primeiros clasificados/as na fase previa, haberá unha lista de substitución para o caso de ausencias. Esta fase consistirá nunha proba teórica e unha parte práctica, cos mesmos contidos que a fase previa. Estas probas realizaranse o **venres día 19 de febreiro de 2021 na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo.** Esta fase poderá celebrarse telematicamente se a situación sanitaria non permite que sexa presencial, nese caso o formato poderá variar ou incluso cancelarse se a situación sanitaria o recomenda. Nese caso o resultado da fase autonómica será o da fase previa.

Excepcionalmente poderán modificarse as datas ou a sede, se as circunstancias particulares dunha circunscrición así o aconsellan.

Os estudantes inscritos que sexan seleccionados nas distintas fases quedarán informados/as das probas por comunicación ao profesor **a través de correo electrónico a partir do día 15 de xaneiro**. Salvo no caso das propias probas para as que reibirán a convocatoria no seu propio correo.

Unicamente se permitirá o uso de utensilios de escritura e, no seu caso, de calculadoras non programables. En particular, non estará permitido, libros, manuais, apuntes, táboas, dispositivos electrónicos ou outros documentos distintos aos que proporcione ou permita o tribunal.

A OEB espera de todos/as os/as participantes a máxima honradez na realización das probas.

3.2.- Tribunal da Primeira Fase

O Tribunal delegado da OEB cualificará os exercicios e propondrá os gañadores da Primeira Fase. O fallo do Tribunal será inapelable.



3.3.- Premios da Primeira Fase

Aos cualificados nos tres primeiros lugares corresponderalles representar á nosa Comunidade Autónoma na Fase Nacional, que se celebrará en formato telemático do 11 ao 14 de marzo de 2021.

O Comité Organizador da Primeira Fase poderá engadir aos premios antes mencionados cantos considere oportunos en función das súas disponibilidades.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ofrece aos gañadores das fase nacional a exención dos prezos por servizos académicos, por unha soa vez, no primeiro curso de ensinanzas de grao. Por outra banda as tres universidades galegas ofrecen premios en metálico aos gañadores das fases locais e nacionais.

Segundo o Convenio asinado coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, os/as docentes verán recoñecida a súa participación nas distintas fases como actividades de innovación educativa cunha certificación de 15 horas para a fase local e 25 horas para a fase nacional.

4. SEGUNDA FASE

4.1.- Desenvolvemento

A Fase Nacional da *XVI Olimpiada Española de Biología*, tiña previsto a súa celebración de xeito presencial en Bilbao (País Vasco) do 11 ao 14 de marzo de 2021. A declaración do estado de alarma ata maio, provocou a imposibilidade de organizala presencialmente.

Nela participarán os gañadores da Primeira Fase das comunidades autónomas. Consistirá en dous probas teóricas e catro prácticas, ambas dúas en formato telemático, dos contidos de Bioloxía incluídos nos programas de Bioloxía de 1º de Bacharelato e de Bioloxía de 2º de Bacharelato. Pode consultarse a información na dirección <http://olimpiadadebiologia.edu.es/la-competicion/fase-nacional/>

As probas se realizaran nas sedes autonómica, no noso caso na Facultade de Bioloxía da UVIGO.

4.2.- Tribunal da Segunda Fase

A proposta das cuestións será realizada polo *Comité Académico nomeado pola Xunta Directiva e os delegados locais da OEB*. Preténdese que tanto os organizadores autonómicos como os profesores dos estudantes seleccionados aporten cuestións. Estas preguntas serán:

- tipo A (test con múltiple elección)
- ou tipo B (relación de dous grupos de conceptos, debuxos,..)

Para a cualificación da parte práctica constituirase un Tribunal formado polo *Comité Académico da OEB*. Este Tribunal realizará unha clasificación dos alumnos participantes, de acordo cos criterios de cualificación e desempate establecidos pola Comisión da *XVI Olimpiada de la OEB*. A decisión do tribunal será inapelable.



4.3.- Premios da Segunda Fase

Nesta segunda fase entregaranse os seguintes premios:

- **Diploma** a tódolos finalistas.
- **Diploma** aos 4 primeiros clasificados por orde alfabética e participación na *Olimpiada Internacional de Biología (IBO)*, e aos 4 seguintes a participación na *Olimpiada Iberoamericana de Biología (OIAB)*, representando a España nos dous casos.
- Os alumnos **clasificados en 9º e 10º** lugar recibirán unha mención de honra e serán suplentes dos anteriores.
- Se a situación sanitaria o permite a OEB poderá xestionar a **estancia** dos alumnos/as participantes nun centro de investigación do CSIC.

O Comité Organizador da Segunda Fase poderá engadir aos premios antes mencionados cantos considere oportunos en función das súas disponibilidades.

5. OLIMPIADAS INTERNACIONAL E IBEROAMERICANA

Os 4 primeiros alumnos españois gañadores na Fase Nacional formarán parte do Equipo Olímpico de España na *XXXII Olimpiada Internacional de Biología 2021-IBO 2021 (Organizada por Portugal, en formato por determinar, do 18 ao 25 de xullo de 2021)*. Os 4 seguintes farano na *XV Olimpiada Iberoamericana de Biología 2021-OIAB 2021 (organizada por Costa Rica telematicamente, en setembro de 2020)*. Os alumnos españois clasificados a continuación terán o carácter de suplentes.

A *Comisión de Olimpíadas*, tendo en conta a información recadada durante as sesións de preparación e de acordo a criterios obxectivos, poderá decidir a substitución de membros do Equipo Olímpico de España por suplentes. Os posibles compoñentes do Equipo Olímpico de España nas competicións de carácter internacional adquiren a obriga de participar con aproveitamento nas sesións de preparación que organice a *Comisión de Olimpíadas de la OEB*. A falta inxustificada de participación nas sesións de preparación pode ser motivo de exclusión do Equipo Olímpico.

6. DECISIONS DOS TRIBUNALS

As decisións dos Tribunais, tanto da Primeira como da Segunda Fase da *XVI Olimpiada Española de Biología*, así como os acordos adoptados pola *Comisión de Olimpíadas de la OEB* concernentes a este concurso, son inapelables.

Excepcionalmente, os premios poderán quedar desertos.

A percepción dos premios queda suxeita ao cumprimento da normativa vixente.



7. PRENSA

Os/as seleccionados/as e gañadores/as comprométense a atender á prensa durante nas diferentes fases da olimpíada.

8. ACEPTACIÓN

A participación en calquera das Fases da *Olimpiada Española de Biología* supón a aceptación das bases.